# EMENDAS

# PARA O V CONGRESO NACIONAL

# DA CIG-SERVIZOS

## REGULAMENTO CONGRESUAL

## ESTATUTOS

## ORGANIZACIÓN

## NEGOCIACIÓN COLECTIVA



# EMENDAS AOS TEXTOS DO
# V CONGRESO NACIONAL DA CIG-SERVIZOS

## (COMPOSTELA, 10 DE ABRIL DO 2010)

## EMENDAS AO REGULAMENTO CONGRESUAL

Non hai enmendas neste apartado

## EMENDAS AO RELATÓRIO DE ESTATUTOS

________________________________________ **1**

**Páxina** 2 **Liña** 12 **Emenda:** Ampliación

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Engadir :** “Centros Especiais de Emprego, Actores e Actrices, Herboristerias”

________________________________________ **2**

**Páxina** 4 **Liña** 24 **Emenda:** Substitución

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Substituir :** “O cargo de Secretário/a Nacional” por “A pertenza ao Secretariado Federal”

________________________________________ **3**

**Páxina** 5 | **Liña** 20 | **Emenda:** Substitución

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Substituir :** “de Secretário/a Comarcal” por “na Executiva Comarcal”

________________________________________ **4**

**Páxina** 6 | **Liña** 3 - 4 | **Emenda:** Substitución

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Substituir : “**A súa regulación e funcionamento será a establecida no artigo 43º dos presentes estatutos”

________________________________________ **5**

**Páxina** 14-15 | **Liña** 26 - 18 | **Emenda:** Substitución

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Substituir :** Trasladar a Disposición Adicional 3º ao último parágrafo do artigo 43 dos presentes Estatutos

______________________________________ **6**

**Páxina** en todo o documento **Liña** **Emenda:** Substitución

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Substituir :** En todo o documento, substituir Executiva Nacional e Consello Nacional por Executiva Federal e Consello Federal

## EMENDAS AO RELATÓRIO DE ORGANIZACIÓN

______________________________________ **1**

**Páxina** 6 **Liña** 30 **Emenda:** Adición

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Engadir : "**provincias con dous convénios diferentes e convencer aos sindicatos estatais e amarelos"

______________________________________ **2**

**Páxina** 8 **Liña** 9 - 13 **Emenda:** Supresión

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Suprimir : “**Neste sentido, e para non impedir as lexitimas aspiracións dos afiliados e afiliadas que se ven con forza para mellorar as suas condicións no seu centro de traballo, e evitar o fraccionamento da negociación, proponse canalizar estas melloras através de pactos de empresa que melloren o convénio sectorial sen desvincularse del, salvo que estean regulados por un cónvénio de ámbito estatal.”

______________________________________ **3**

**Páxina** 11 **Liña** 1 - 3 **Emenda:** Supresión

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Suprimir :** “Si entendemos que deste V Congreso ten que sair unha nova Executiva Nacional que início esa fase de contactos coa CIG Banca, de cara a establecer cando menos un coñecimento da realidade das duas federacións e saber do funcionamento de ambas.”

______________________________________ **4**

**Páxina** 11 **Liña** 24 **Emenda:** Ampliación

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Engadir un novo apartado:**

**“10º.- DA PARTICIPACIÓN DA MULLER NA FEDERACIÓN**

A CIG SERVIZOS é a Federación con maior número de afiliados e afiliadas da Confederación, sendo a afiliación feminina maioritaria, e non estamos representadas, como debemos, nos organismos da Federación e menos na Confederación.

Debemos examinar con detalle cal é a eiva, sabendo de antemán, que non é doado nin a incorporación da muller ao mundo do traballo, nin a desvinculación a familia.

Tras ano de luita pola igualdade social, laboral ou económica, seguimos case coas mesmas diferenzas que hai moitos anos.

No ámbito familiar, as mulleres seguimos asumindo o papel matriarcal, recaendo en nos, non soio, as tarefas domesticas, senón tamén, o coidado tanto de fillos e fillas, como de pais, nais, etc, co que conleva todo isto: falla de tempo.

No ámbito laboral, con traballos precarios, con contratos a tempo parcial e coa discriminación económica por razón de sexo, seguimos sendo as primeiras no ranking de mano de obra barata e sen cualificar, traballando horas e horas sen descanso. Son poucos, os casos, que coñecemos, onde a muller ascenda ou se reincorpore a postos de dirección en empresas ou organismos, e cando ascendemos, ¿cantas veces temos oído “a saber  qué fixo”?

As dúas situacións, anteriormente expostas, entre outras máis, fan que as mulleres non dispoñamos do tempo suficiente para outro tipo de tarefas, mais en concreto, que é o que nos ocupa neste relatorio, ao sindicalismo e a participación interna nos órganos de dirección.

Certo é que a nosa Central Sindical, tampouco se caracteriza por fomentar a participación, soamente hai que revisar os estatutos polos que nos rexemos para observar que non hai medidas suficientemente correctoras para que se fomenta a igualdade, xa so falando de números.

¿Con que problemas nos atopamos as mulleres día a dia?

-As afiliadas como delegadas, carecemos do tempo libre necesario para adicarse a todo, ademais do sindicato, no caso das delegadas, coas poucas horas sindicais que temos no noso sector, lles resulta imposible asumir os cargos de representación interna.

- A falta de confianza en si mesmas, crea sensación de ridículo, o non saber, ou non poder solucionar os problemas, aumenta a falta de autoestima, non é casual isto, xa que ven dada da discriminación por xénero, sufrida na longa historia. Non esquecer, que as mulleres sabemos que se nos observa con lupa en calquera cargo, sexa ou que sexa, porque sempre, é iso temolo observado, debemos demostrar máis que outros, ao mesmo traballo que os homes non hai o mesmo recoñecemento.

¿Cómo poderíamos intentar solucionar isto?

- Formación interna, cursos específicos para aquelas cuestións que verdadeiramente fomente a seguridade, a autoestima. Cursos de historia, onde se incida no papel da muller en distintos ámbitos (literatura, historia, enxenería, arquitectura, mediciña, arte, etc. Comprobado está que o coñecemento, crea seguridade.

- Tempo, debemos cambiar os métodos de traballo neste senso, é imposible combinar horarios no día a día, con todo o que temos (vida laboral e familiar e sindical) pero si, dende o sindicato queremos fomentar a participación feminina, debemos flexibilizar horarios, é dicir, flaco favor nos facemos, poñendo reunións dos organismos as 8 da tarde, por poñer un exemplo.

- Cargos nos organismos, si fomentamos a participación, teremos que fomentar tamén as responsabilidades, debemos de ter competencias igual de importantes que os homes, exemplo, é característico que certas secretarías sexan representadas sempre por mulleres.

Nas nosas máns está intentar cambiar.

## EMENDAS AO RELATÓRIO DE ACCIÓN SINDICAL

**1**

**Páxina** 4 **Liña** 15 **Emenda:** Adición

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Engadir :** "Nos últimos anos a ofensiva do sindicalismo vertical e amarelista practicado por CCOO e UGT"

**2**

**Páxina** 5 **Liña** 6 **Emenda:** Adición

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Engadir :** "que o sindicalismo practicado por CCOO, UGT, USO e FETICO."

**3**

**Páxina** 5 **Liña** 10 **Emenda:** Substitución

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Substituir :** "aínda que as veces non consigamos a nosa meta, sempre merecerá a pena demostrar que somos unha Federación que loita polo que cre, a defensa dos dereitos da Clase Traballadora"

**4**

**Páxina** 8 **Liña** 7 **Emenda:** Adición

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Engadir :** "debemos promover o incremento das xornadas parciais ata convertelas en xornadas completas, engadindo nos textos dos convénios colectivos cláusulas obrigacionais de preferéncia en cubrir xornadas completas por persoal a tempo parcial."

**5**

**Páxina** 8 **Liña** 21 **Emenda:** Substitución

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Substituir :** "O último pacto polo emprego asinado por UGT e CCOO." Por "O último pacto polo emprego asinado polos sindicatos estatais"

________________________________________ **6**

**Páxina** 9 **Liña** 8 **Emenda:** Adición

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Engadir :** "contratación a tempo parcial pero traballando a xornada completa, incumprimento da subrogación, etc…,."

________________________________________ **7**

**Páxina** 11 **Liña** 13 **Emenda:** Adición

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Engadir :** "tratando de mellorar o que recolle a lei e negociando delegados de prevención que non sexan do Comité de Empresa e con crédito horário retribuido".

________________________________________ **8**

**Páxina** 12 **Liña** 29 **Emenda:** Ampliación

**Portavoz :** Mª do Tránsito Fernández

**Apoio :** Vigo

**Engadir un novo parágrafo :** “Engadir nos Convénios Colectivos cláusulas de xubilación parcial que fagan que sexa obrigatório condedela pola parte empresarial.”